



ANEXO II - LICENZA FEDERATIVA **DOCUMENTO DE INFORMACIÓN E COMPROMISO DE TÉCNICOS/AS E XUÍCES/XUÍZAS**

O presente Anexo ten por obxecto informar aos/ás solicitantes de licenza, do tratamento dos datos persoais que levará a cabo a FGTA nos casos que esixe a Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos (LOPD en diante) e o seu Regulamento de desenvolvemento, RD1720/2007 (RDLOPD en diante), así como do compromiso estatutario que asumen ao formar parte da mesma.

INFORMACIÓN

- 1- Os datos de carácter persoal inclúense no ficheiro denominado “Federados”, nº inscrición 2141500010 de data 30/05/2014 que ten por finalidade é a xestión da actividade deportiva da FGTA.
- 2- Poderán ser destinatarios da información do ficheiro a RFETA, as Federacións nas que se integre, os clubs adscritos a estas, o CSD, COE, ADO, e a Secretaría Xeral para o Deporte; ademais das compañías de seguros coas que se concerten as coberturas obrigatorias e das axencias de viaxe coas que se poida xestionar o desprazamento ás competicións dos/as deportistas.
- 3- Os datos persoais contidos no ficheiro poderán ser remitidos ao Xuíz único e Comité de disciplina deportiva da FGTA
- 4- En virtude da LOPD e da Lei Orgánica 3/2013, de Protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, as autoridades nacionais e internacionais de control de dopaxe poderán ser destinatarias da información deste ficheiro.
- 5- No caso de denegación da solicitude de licenza, os datos persoais do/a solicitante serán cancelados ou bloqueados, no seu caso, sen que poida realizarse tratamento algún sobre os mesmos.
- 6- Os dereitos de imaxe, en especial a fixación, reprodución, distribución e comunicación pública, derivados da súa participación en actividades oficiais da FGTA ou de calquera outra suxeita ao uso da licenza poderán ser cedidos ás demais Federacións deportivas nas que se atope integrada a FGTA e publicadas na páxina web da FGTA, ou en calquera outro medio de difusión, sen que, neste caso, a FGTA sexa responsable do tratamento de imaxes que poida realizar a prensa, televisión ou calquera outro medio de comunicación.
- 7- O/a interesado/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición xuntando copia do DNI ante a responsable do tratamento, FGTA, no seguinte enderezo: secretaria@fgta.es ou Apdo. de correos 5368 – 15009 (A Coruña)

COMPROMISO

O/a solicitante da licenza acepta someterse ás normas da FGTA e das Federacións ás que estea adscrita e a cumprir os seus Estatutos, Regulamentos, Normativas e calquera outra norma que regule o deporte do Tiro con Arco.

Data:			
Nome:		Apelidos:	
DNI:			
Sinatura do/a deportista:			